

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 18 DE XANEIRO DE 2024**

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

##### **Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito**

“1ª.- Cal é o estado actual da débeda con cada unha das empresas que prestan servizos o concello e teñen os seus contratos en precario”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que solicitou o dato a Intervención; que cando dispoña del, llo comunicará.

“2ª.- Hai unha calendarización de pagos para este ano 2024 con estas empresas?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que primeiro hai que realizar a liquidación orzamento do 2023; que non pode facilitar unha data exacta.

##### **Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito**

“1ª.- Vendo que sacan adiante a licitación para grandes eventos. Que medidas/avances se tomaron neste último mes referente ao bloqueo municipal?. Xa que hai contratos máis urxentes que ese.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que seguen a traballar baseándose en prioridades; que este non foi o único que saíu e relaciona outros que se fixeron, tales como a adxudicación da xuntanza do maior, a licitación do entroido, a declaración de deserto da mellora da accesibilidade da AC-214, porque houbo dúas ofertas colusorias, a licitación da rúa Fernando Buesa, etc; que hai expedientes que están en prioridades que se envían a contratación e si foron informados por Secretaría e que teñen que volver aos departamentos para corraxir; que hai outros corraxidos que están en Contratación e se teñen que volver a informar; que non soamente se fixo este, se fixo moito máis traballo.

### **Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada oralmente**

- Se podería crear como unha especie de comisión, quizais non unha comisión ao uso, para estar informados e estar ao tanto deste tipo de cousas?.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, dille ao Sr. Varela Fraguio que a pode chamar cando queira para facilitarlle os datos de contratación.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que o formulaba para que estiveran as dúas partes, técnicos e políticos; ao que a Sra. Pan Lesta manifesta que presente a proposta por escrito e que se estudará; o Sr. Varela Fraguio dille que así o fará.

### **Preguntas de PP presentadas oralmente**

- 1.- En que estado se encontra a tramitación da presentación do presuposto do Concello para o exercicio 2024?.

- 2.- Cando finaliza o prazo de licitación para que se presenten as empresas o contrato de grandes eventos para os dous próximos anos, recentemente anunciado polo concello?.

- 3.- Cal é actualmente o período medio de pago a provedores do concello?.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

### **Rogos do Bloque Nacionalista Galego presentados por escrito**

“1º.- Vivimos nun país húmido e coas lóxicas inclemencias que fan preciso o uso das marquesiñas (onde as hai) máis o seu uso faise difícil, por non dicir imposible diante do lamentable estado de limpeza, que mesmo impide a visión dende o interior para ver cando se achega o bus. Polo tanto, dáse a circunstancia de mesmo perdelo, porque o condutor non ve aos viaxeiros. Rogan que a maior celeridade se dea solución a este matrato á cidadanía”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo; que o prego leva en contratación dende 2022; que actualmente se está a facer a actualización dos prezos.

“2º.- Na parroquia de Bribes hai unha colonia de gatos que está sendo alimentada polas veciñas voluntarias. Solicitouse o concello que asuma as súas competencias nesta materia, en canto ao control e esterilización.

Despois dunha xuntanza coa concelleira responsable, esta asumíu responsablemente os actos necesarios. Máis a día de hoxe, atopámonos con que nada se fixo, e mesmo se cortou a comunicación por parte dela coas voluntarias (unha forma amable de mencionar que non lles colle nin o teléfono).

É responsabilidade da administración local o control destas colonias, e de agradecer a colaboración das persoas voluntarias.

Polo tanto, rogan que asuman o traballo que por obriga teñen que facer cando gobernan, e non demoren máis as esterilizacións e alimentación, pois a día de hoxe novas camadas están en camiño”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo; que non é certo nada do que din; que non se cortou ningunha comunicación con ningunha voluntaria; que non se estivo sen facer nada; que xa se elaboraron os convenios de colaboración e que actualmente están sendo revisados en Secretaría.

### **Rogos do Bloque Nacionalista Galego presentados oralmente**

- Rogan que se constituía e se reúna a Comisión do Plan de Urbanismo.

O Sr. presidente manifesta que non hai inacción; que o equipo redactor está a rematar o estudo das alegacións; que cando o teñan rematado se terá algo de contido sobre o que falar; que non é inacción.

A Sra. Prieto Miramontes intervéen e manifesta que para levar a cabo o control e fiscalización é precisa esa reunión; que cre que se lles debe dar traslado na propia comisión.

- O rogo é en canto aos servizos de policía; que antes de que tiveran unha conversa co responsable da policía, veían dúas posibles solucións ou achegas; unha delas, é a intervención por parte de Protección Civil en canto ás saídas dos colexios, sempre que non sexa control de circulación. Rogan que se estude e que se implante este sistema, como xa se fixo no seu momento.

A Sra. Prieto Miramontes di que, en canto ao segundo rogo, que tendo un cadro de persoal de tres persoas, e tendo un policía que está no departamento de Urbanismo, que este se traslade a outras tarefas, tales como atención telefónica ou control de tráfico, dado que a seguridade é prioritaria.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, manifesta que este policía ao que se refire a Sra. Prieto Miramontes está de baixa médica.

### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito**

“1º.- Ante a preocupación achegada polos veciños de Seoane, Anceis. Ante o que parece ser a instalación dunha antena telefonica na finca con referencia catastral 15017A093000150000MJ, nos aledaños da igrexa, con posible afección de patrimonio, rogan que se lles informen da situación desta actuación para poder informar á veciñanza”.

O Sr. presidente manifesta que o proceso deste tema é o seguinte: se trata dunha comunicación previa; que hai un informe da apareladora e outro do xefe da área de Urbanismo, que hai unha contradición de informes; que cre que o xefe da área ten outra visión máis ampla; que calquera técnico se pode equivocar; que a posición do concelleiro é que a licenza é un acto reglado e os concelleiros non se poden meter neste tema; que o concelleiro o que fai neste caso é facer caso á proposta do xefe da área.

Continúa a dicir que comezan a obra e os veciños, como é lóxico, se ven afectados; que se presentaron vinte solicitudes de información; que se responderá a todas; que das vinte presentadas houbo nove que se presentaron pola sede electrónica e que xa se lles contestou á información; que o resto das solicitudes se presentaron presencialmente no rexistro de urbanismo do concello; que se están a resolver intentando evitarlles o pagamento das taxas por fotocopias; quere puntualizar que a información foi rápida; que se presentaron oito solicitudes de suspensión cautelar que as están a estudar.

O Sr. presidente di que lembra, a título informativo, que neste caso, están de acordo cos veciños, pero sempre e cando se estea dentro do contexto da legalidade; que a lei en vigor é a Lei 11/2022 xeral de telecomunicacións, que a única alegación que se presentou foi a da asociación de veciños e, onte mesmo, o xefe da área lles chamou para facilitarlles a información; que o xefe da área xa ten a instrución da concellería para que estude as alegacións e as medidas solicitadas.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, manifesta que ten entendido que nesa zona o uso permitido é de dotacional múltiple; que nos usos xerais, globais dotacional distingue entre infraestruturas e comunicacións, servizos urbanos, zonas verdes e dotacional múltiple; que pensa que este uso debería corresponder a infraestruturas e comunicacións, non dotacional múltiple.

O Sr. presidente manifesta que está de acordo co Sr. Castro Uzal; que a súa opinión é que é unha infraestrutura.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Miramontes quen, unha vez concedido, manifesta que se alegra que parte do concello se apoie aos veciños en canto se poida; que quere poñer de manifesto que por parte do funcionariado cando se solicitaron por parte dos primeiros non se lles comunicou que isto tería, segundo a ordenanza, un custo por solicitalo en papel;

O Sr. presidente intervén e manifesta que está de acordo; que unha vez detectado o erro, se rectificou:

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Piñeiro Fernández quen, unha vez concedido, manifesta que entende que os mecanismos legais se asumen; que a normativa se respecta; que o Sr. presidente acaba de dicir que unha paralización provisional non a ve viable por medo ás reclamacións.

O Sr. presidente intervén e manifesta que non dixo iso; que dixo que o ían avaliar e estudar.

A Sra. Piñeiro Fernández intervén e manifesta que o ideal sería parar a obra e manter unha reunión cos veciños, ante esta alarma e preocupación por parte dos veciños; que quere saber por que non houbo unha implicación máis activa por parte do concello cos veciños.

O Sr. presidente intervén e manifesta que cando xurdíu este tema, os primeiros afectados que o chamaron foi a asociación de veciños; que o resto non lle chamaron.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Miramontes quen, unha vez concedido, pregunta se sería mediante un recurso de reposición, dado que di que o que se lle traslada a unha das afectadas por parte do responsable de urbanismo é que formulara un recurso de reposición.

O Sr. presidente intervén e manifesta que o termo xurídico é o de menos; que o importante é o contido do escrito.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Espiñeira Galán quen, unha vez concedido, manifesta que dende o Partido Popular se pensa que unha vía sería contactar con asociacións de afectados a nivel nacional, a modo de orientación dos pasos a seguir, se hai precedentes.

O Sr. presidente intervén e manifesta que agradece a proposta da Sra. Espiñeira Galán; que pensa que cada un debe realizar a súa función; que outra cuestión é que apoiemos ese activismo.

#### **Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito**

“1ª.- Tendo coñecemento, tanto pola prensa como por veciños de Anceis, en Seoane, sobre a futura colocación dunha antena de telefonía, sen comunicación previa á veciñanza, e sorprendendo a ubicación tan perto da igrexa.

Que poden dicir, cando hai un informe desfavorable da anterior apareladora?.

Polo tanto, preguntan como vai actuar o concelleiro responsable?.”

A Sra. Prieto Miramontes manifesta que esta pregunta xa foi tratada agora.

“2ª.- Aínda faltan varias zonas de Anceis, Andeiro e San Lourenzo coa iluminación pública fóra de servizo sen funcionar. Cando vai estar reparada a iluminación pública destes lugares?.”

O Sr. presidente intervén e manifesta que polo que respecta a Andeiro, a noticia que ten é que houbo un corte de luz un día e se reparou ao día seguinte; que foi un tema puntual; en canto ao tramo de San Lourenzo a Andeiro, se reparou no lugar da Aldea agás na man dereita, e onte se detectou que no último tramo romperá outro cable; en canto á reparación na man dereita, están á espera a que un veciño corte as árbores da súa propiedade, logo de obter as autorizacións pertinentes para isto.

O Sr. Cubeiro Fernández procede á lectura da terceira pregunta que di:

“3ª.- Teñen unha previsión de arranxo da iluminación pública que se atopa nestes momentos fóra de servizo?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que é unha pregunta moi xenérica.

“4ª.- Preguntando no centro de saúde ás empregadas, atópanse con que seguen sen dar o servizo mínimo de limpeza, e mesmo a sala destinada a extraccións se atopa chea de lixo do día anterior cando elas teñen que comezar a xornada laboral, en perfectas condicións de hixiene.

Xa case nada lles sorprende neste tempo de inacción do goberno municipal, pero hai situacións moi extremas como a anteriormente mencionada.

Cal vai ser a actuación do equipo de goberno para que garanta os seus cidadáns o trato e respecto que merecen?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que dende o comezo da folga se leva a cabo un seguimento de servizos mínimos da limpeza do centro de saúde case a diario; concretamente esta mañá se estivo no centro de saúde comprobando a limpeza nas salas; que dende o centro de saúde non lle comunicaron ningunha queixa sobre esa sala en concreto; que están en contacto diario coa xerencia de atención primaria e se hai algunha queixa a traslada e que se intenta solucionar.

“5ª.- Teñen algunha notificación por parte dos departamentos correspondentes sobre a instalación da rotonda na entrada/saída da AP9 no Temple?”.

O Sr. presidente manifesta que notificación oficial ningunha; que insistiron dúas veces e non houbo contestación, e que volverán a insistir.

#### **Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito**

“1ª.- Levan insistindo en comisións informativas, en plenos, colaborando coa concelleira enviando fotografías nas que se pode comprobar que a recollida de lixo no se está a facer correctamente, non se arranxan os contedores estragados, nin se limpan... a todo isto añaden o pouco civismo da veciñanza á hora de depositar o lixo dentro dos contedores ou no contedor correcto, polo que preguntan porque non se recolle un rogo presentado por este grupo no que pedía unha medida disuasoria a modo de sanción para ver se así a veciñanza colle conciencia... e de paso solucionar un problema, que polo visto dende a súa concellería non é capaz de resolver?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que, segundo lle comunica o Consorcio, a última denuncia fíxose o 12 de xaneiro no lugar de Altamira, lugar ao que acudiron garda civil e policía autonómica; que se está a investigar e aínda non se practicou ningunha sanción.

“2ª.- Cando se realizou a última limpeza das beirarrúas nas rúas Estanque, Abeleira e Luis Pimentel na parroquia do Temple?”.

O Sr. presidente manifesta que a limpeza en canto ao barrido entende que se fai todos os días; que en canto á limpeza a presión manifesta que non o sabe; que non ten esa información; que tampouco é sistemático; que depende do verdello que haxa.

“3ª.- Preocupados pola situación na que segue a policía local, de cantos efectivos dispoñen a día de hoxe?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, manifesta que hai dezasete efectivos, quince axentes e dous oficiais; dos cales once axentes e un oficial están de baixa por enfermidade, polo tanto hai dous axentes de segunda actividade, dous axentes de turno e un oficial.

#### **Pregunta do Partido Popular presentada oralmente**

- Dende hai máis de dúas semanas, no parque da Igrexa, onde xogan moitos nenos e nenas, hai unha rama caída dunha árbore que supón un perigo, por que o Concello non a retirou.

#### **COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Rogo do Bloque Nacionalista Galego presentado por escrito**

“A biblioteca central Maria Pita ten a súa entrada pola parte menos visible para a cidadanía, de tal xeito que vista dende o núcleo de Cambre non ten ningunha referencia escrita mediante un elemento identificador.

Rogan que se teña en conta esta circunstancia e se arranxe sen moito tardar”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo; que se estudará a forma de visibilizar e sinalizar.

### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito**

“1º.- Rogan unha solución urxente ao problema de limpeza, en especial nos centros educativos e centros de saúde”.

O Sr. Varela Fraguio intervén e manifesta que retira a parte da pregunta relativa a centros de saúde, dado que xa foi contestada na anterior comisión.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo; que todos están preocupados pola situación actual do servizo de limpeza; que persoalmente visita a diario os centros educativos para ver o cumprimento dos servizos mínimos e tamén está en contacto permanente coa empresa.

O Sr. Varela Fraguio intervén e pregunta se hai un horizonte non moi lonxano para unha solución ao problema.

A Sra. Rodríguez López manifesta que non; que como comunicou á dirección do centro, segundo información que lle facilitou a empresa, a limpeza se realizará esta semana todos os días, de luns a xoves cunha persoa realizando o seu horario e o venres dúas persoas; que os servizos mínimos os establecen semana a semana.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que hoxe lle comentaron que incluso a empresa do comedor está a facer labores de limpeza que non lle corresponden.

A Sra. Rodríguez López intervén e manifesta que, segundo lle dixeron, a empresa do comedor limpa de sempre as mesas e o office e que a empresa de limpeza limpa o chan.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Miramontes quen, unha vez concedido, pregunta a este respecto se entón se incumpren os servizos mínimos; porque di que un pai di que non hai papel hixiénico.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que se acabou o papel de mans; que o venres a media mañá se terminou o papel hixiénico; que a ela llo comunicaron o luns pola mañá; que avisou á empresa e que o repuxeron o mesmo luns.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Miramontes quen, unha vez concedido, manifesta que se os servizos mínimos establecen que haxa papel de mans e hixiénico se deberían cumprir; que son os empregados quen deberían comunicalo á empresa e non a concelleira.

A Sra. Prieto Miramontes solicita á Sra. Rodríguez López que, como concelleira, adopte os mecanismos coercitivos que sexan necesarios para que se cumpran os servizos mínimos.



O Sr. presidente intervén e manifesta que non debería de existir ningún mecanismo; que se viu que dende que se comezou a folga non se están a facer os servizos mínimos ou se está a facer o que se pode; para que non se provoque un problema maior, a iniciativa que adoptou o equipo de goberno foi que foran os concelleiros e intentar buscas accións rápidas.

#### **Rogos do Bloque Nacionalista Galego presentados oralmente**

- En canto ao bombeo de Cela, que se publica en castelán, roga que se traslade ao galego.

- En canto á resolución do día 22 de novembro de 2023 pola que se concede unha axuda de emerxencia social aparecen o nome, apelidos e DNI da solicitante, roga que se corrixa este erro e roga que se teña moito coidado en temas tan sensibles como é o caso. Pola contra, hai unha resolución dun cesamento de policía local que aparece sen nome, sen iniciais e sen nada.

A continuación a Sra. Prieto Miramontes manifesta que quere facer unha pregunta ao departamento de Cultura que é respecto dunha reclamación dun pai por un sorteo da neve e pregunta por que fai a reclamación.

O Sr. presidente intervén e manifesta que o mirará e que lle contestará.

#### **Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada oralmente**

- Respecto dos contedores de lixo que están preto dos supermercados nos que se tiran moitos alimentos, pregunta se se poden doar.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que actualmente non é legal; que se está a elaborar polo goberno unha lei para que se obrigue aos supermercados a que toda esa comida que non estea caducada se teña que doar; que agora mesmo non se pode facer.

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1ª.- Cantos asistentes se rexistraron para asistir a XV Xuntanza do maior?. Cal é a comparativa con outros anos?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que lle contestará por escrito; que se apuntaron 304 persoas.

“2ª.- Nas comisións de decembro lles informaron de catro queixas rexistradas entre os 136 usuarios. Cantas queixas están rexistradas actualmente?”.

O Sr. presidente manifesta que se lle contestará por escrito.